



Resumo memoria de
**Responsabilidade
Social Universitaria 2022**



Este resumo da Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2022, curso académico 2021-2022, da Universidade de Vigo, busca relatar brevemente e dun xeito gráfico o contido do devandito documento.




Datos básicos sobre estudiantado


Un 74,09 % dos matriculados no curso 2021/2022 eran estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano confirmando as preferencias do alumnado por cursar algunha carreira de estas ramas. Unhas proporcións que se manteñen no caso dos estudantes egresados.

A formación na UVigo pode complementarse cunha ampla oferta de cursos e obradoiros aos que pode acceder tanto a comunidade universitaria como a sociedade en xeral.

Estudiantado matriculado por rama de coñecemento 2021/2022



Estudiantado egresado por rama de coñecemento 2021/2022



Estudios propios	Cursos Ofertados	Matriculados/as
Núm. de titulacións propias	1	7
Cursos complementarios	2	30
Cursos de extensión universitaria	83	1401
Cursos de galego	11	261
Cursos de idiomas (ano 2020)	81	1606
Cursos de formación	7	219
Cursos de especialista	7	119
Talleres e obradoiros	6	40
Núm. de formacións para maiores	2	389
Total	200	4072

Investigación e transferencia

No 2022 o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva e/ou transferencia foi de 661. Durante ese mesmo ano obtivéronse 175 novos sexenios.

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2022 foron dun 19,67 % do orzamento da UVigo (previsións iniciais). En canto a porcentaxe de financiación, a maior parte dela provén do Estado, e da Xunta de Galicia.

Durante o ano 2022, a Universidade de Vigo tivo en vixencia 657 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación. Tamén foron solicitadas 18 patentes. Mentres que as concedidas foron 13, as patentes en explotación foron 15 e o número de Spin-off foi de 6.


Recursos externos captados	2022
Proxectos investigación A.X. Estado	12 834 653 €
Proxectos investigación A.C. Galicia	16 079 907 €
Convenios	241 618 €
Proxectos investigación europeos	3 535 205,85 €
Proxectos investigación Interreg	25 886,65 €
Facturación CACTI	466 086,41 €
Facturación ECIMAT	67 566,17 €
Facturación CINBIO	23 370,90 €
Contratación I+D	5 677 962,47 €
INOUE	47 000 €
Total	39 012 679,66 €
Orzamento UVigo (previsións iniciais)	198 316 372 €
%	19,67 %

Grupos de investigación	Total
Grupos de investigación	169
Membros grupos de investigación	1 947
Mulleres membros	933
Investigadores/as principais	233
Mulleres Investigadora principal	86

Transferencia	Total
Contratos de licenza	3
Empresas derivadas	titorizadas 5 creadas 1
Patentes solicitadas no 2022	nacionais 8 internacionais 10
Patentes concedidas no 2022	nacionais 5 internacionais 10
Patentes en explotación a 31/12/2022	nacionais 8 internacionais 7
Patentes postas en explotación (2022)	nacionais 1 internacionais 0
Nº de patentes nacionais activas	232
Rexistro de propiedade industrial	5
Modelos de utilidade solicitados (2022)	0
Modelos de utilidade concedidos (2022)	0
Modelos de utilidade en explotación (2022)	0
Nº empresas start-up creadas (2022)	5

	Total	Importe
Contratos	100	4 021 799,74 €
Informes	546	1 519 714,10 €
Cursos	11	70 602,00 €
Total xeral	657	5 422 115,84 €

% de financiación proxectos segundo entidade financeira en 2022



Docencia en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e a mellora nas capacidades lingüísticas dos seus estudantes. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un determinado número de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.

Oferta docencia en inglés de grao	Nº de materias
Estudos de Grao	110
Estudos de mestrado	85

Orientación ao alumnado

A Universidade de Vigo, a través do SIE, ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Orientación ao alumnado	Totais
Consultas recibidas	3 757
Accións formativas desenvolvidas	25
Participantes en accións formativas	544

Bolsas propias

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas para estudantes financiados co seu propio orzamento e achegas doutras entidades, así como premios que procuran animar ao estudantado a acadar as máximas cotas académicas. A contía total é de 2 936 626,93 €

Bolsas propias	2 274
Contía total das bolsas	2 936 626,93 €

Prácticas académicas


Durante o curso académico 2021/2022 aumenta o número de estudantes que realizaron prácticas académicas extracurriculares, aínda que diminúe o número de convenios asinados para realizalas. Como se pode apreciar no cadro, a tendencia é a incrementar a cantidade de empresas e institucións implicadas.

Número de alumnos/as en prácticas	Curso 21/22
Extracurriculares	802
Curriculares	3 253
Nº de convenios	3 197

Mobilidade

Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais.


Evolución da mobilidade internacional do estudiantado



Emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2021/2022 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 397 ofertas de emprego e xestionáronse 115 convocatorias de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio cooperación educativa da UVigo).

Ofertas de emprego por ámbito 2021/2022



Beneficios sociais

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferente tipo que no ano 2021 deu como resultado a distribución e importe que pode verse nas táboas que se acompañan:

Con cargo ao capítulo 1

Nº persoas beneficiarias	Conceptos	Importe total
422	Acción Social	179 372,72 €
540	Compl. I.L.T.	372 932,19€
40	CPT	12 763,96 €
7	Gratíf. xubilación anticipada	37 278,00 €
19	Gratíf. por xubilación	343 012,04 €
154	Indemnización non exenta	65 195,51 €
237	Prestación por accidentes	115 865,40 €
184	Prestación por enfermidade	1 071 428,83 €

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2021

	TOTAL	% Mulleres
Excedencia por coidar familiares	1	100 %
Excedencia por coidado de fillos	2	100 %
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	1	100 %
Permiso paternidade	49	0 %
Permiso por parto	42	100 %
Redución xornada	49	67,16 %

Con cargo ao capítulo 6

Nº persoas	Conceptos	Importe total
49	Compl. I.L.T.	11 206,39 €
553	Indemnización non exenta	267 799,99 €
40	Prestación por accidentes	10 822,07 €
6	Prestación de enfermidade 60 %	1 098,92 €
7	Prestación de enfermidade 75 %	13 935,89 €

Caixa de queixas, suxestións e parabéns

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que serven á nosa Universidade para mellorar a calidade do seu servizo público. O procedemento permite a cidadanía trasladar de xeito áxil e simple, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

Clasificación interna

	QSP
Queixa	242
Suxestión	55
Parabén	20
Non clasificable	128
Total xeral	445

Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2022 do 7,42 % respecto do ano anterior.

Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2016 a 2021 (€)

	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Ingresos (dereitos recoñecidos)	158 340 392	161 388 146,40	165 049 891,98	167 405 517,64	180 558 055,27	193 960 509,52
% variación anual	2,98 %	1,89 %	2,30 %	1,43 %	7,86 %	7,42 %

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2016 a 2021 (€)

	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Gastos (obrigas recoñecidas)	157 064 633	164 126,69	169 720 773,30	170 68 16,09	175 131 206,38	180 980 048,67
% variación anual	4,73%	1.89%	3,41 %	0,57 %	2,61 %	3,34 %

Responsabilidade na cadea de aprovisionamento

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo. Estes representan o 46,10 % do número de provedores e facturan 14 493 215,78 €, o que representa un 39,84 % do total. Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 58,28 % do contratado con provedores galegos, dos cales un 79,13 % son provedores locais.

Exercicio 2022

Ámbito	Nº de provedores	Total facturado	% facturado
Local	1 289	14 493 215,78 €	39,84 %
Autonómico	340	3 466 741,17 €	9,53 %
Estatal	813	16 918 442,41 €	46,51 %
Estranxeiro	354	1 499 379,30 €	4,12 %
Totais	2 796	36 377 778,66 €	100 %

Posición nas clasificacións

A universidade de Vigo tivo durante o ano 2022 o recoñecemento internacional dalgunhas das clasificacións universitarias máis relevantes.

Ranking

Ranking	Posición
Ranking Shanghai (ARWU)	501-600
THE (Times Higher Education)	1001-1200
THE Impact	201-300

Transferencia social e cultural

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral do noso alumnado. Na táboa que se acompaña poden verse a diversidade de actividades culturais e o número de asistentes ás mesmas.

Transferencia social e cultural	TOTAL	
	Actividades	Asistentes
Exposicións	16	6 140
Aulas e obradoiros	59	665
Cursos de extensión	9	263
Concursos (premios UVigo)	5	119
Coro universitario	6	1 900
Teatro e artes escénicas	40	8 150
Música	22	2 450
Proxeccións audiovisuais	44	3 250
Conferencias e mesas redondas	15	450
Totais	216	23 387

Promoción do voluntariado e a cooperación


Durante o curso 2021/2022, 85 persoas participaron nas actividades de voluntariado nun total de 20 programas. O 69,41 % son mulleres, unha porcentaxe similar ao ano anterior. Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

Voluntariado e cooperación	TOTAL	% Mulleres
Nº estudantes en accións de voluntariado	85	69,41 %
Nº de programas	20	

Universidade saudable

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice algún tipo de exercicio que contribúa a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Durante o curso 2021/2022, con respecto ao Abono Muger, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante número de actividades dirixidas, hai un total de 903 persoas usuarias, das cales un 37,75 % son mulleres.



Compromiso coa lingua

A Área de Normalización Lingüística (ANL) encárgase de todas as labores de promoción e soporte técnico ao proceso de espallamento do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos, consonte ao estipulado nos Estatutos da Universidade Vigo.

Cursos 2021/2022	TOTAL	% Mulleres
A calidade lingüística do teu TFG TFM	16	81,25 %
Anatomizamos en galego	13	61,54 %
Avanza co galego	55	81,82 %
Como redactar es expoñer o teu TFG ou TFM	26	69,23 %
Corrección escrita coas TIC	31	87,10 %
Curso de extensión cultural	17	64,71 %
Curso de iniciación á lingua galega	12	58,33 %
Curso de linguaxe administrativa e xurídica	30	83,33 %
Curso de redacción e estilo	32	75,00 %
Os erros máis frecuentes na lingua galega	29	82,76 %
TOTAL	261	77,39 %

